

11 de OUTUBRO

Secundaria, Bacharelato e FP á

FOLGA

Queremos XA o modelo de exame da PAU!



12h Obelisco

Listaxe actualizada en sindicatodeestudiantes.net

Basta de brutalidade policial

Solidariedade cos nosos compañeiros e compañeiras de Murcia!

O alumnado de segundo de bacharelato aínda non sabe como serán as probas que determinarán o seu acceso á Universidade. Incribel, mais certo. A pesar de que levamos case un mes de curso, a única información que temos é que os exames da PAU se celebrarán nos días 3, 4 e 5 de xuño. Xa está. Isto é todo.

O Ministerio de Educación e as Consellerías Educativas están a manter un silencio intolerábel. En lugar de presentar os cambios e novidades antes de arrancar o curso, permitindo ao noso profesorado preparar ben os contidos académicos e garantir que o estudiantado teñamos facilidades para prepararmos esta proba, encontrámonos con que a principios de outubro aínda non sabemos NADA.

E cando pedimos explicacións e saímos ás rúas a protestar, como fixeron os nosos compañeiros e compañeiras en Murcia, respóndenos cunha brutalidade policial maiúscula. Como é posíbel que se trate así a estudantes pacíficos? Decenas de antidisturbios, pelotas de goma, porrazos e mozos e mozas en urxencias; así é como se responde ás lexítimas demandas estudiantís?

É intolerábel. Non podemos permitir que nos traten como na ditadura. Exiximos xuízo e castigo para os policías implicados nesta intervención e a súa expulsión inmediata do corpo, así como a dimisión da Delegada do Goberno de Murcia e do Ministro do Interior, Fernando Grande Marlaska.

O Ministerio de Educación e as Consellerías educativas están a rir na nosa cara, e están a xogar coa saúde mental e o futuro de decenas de miles de estudantes, engadindo aínda máis dificultades, máis estrés e máis incertidume a unha proba cuxa razón de ser é converter o acceso á Universidade nun privilexio de clase.

Por iso o Sindicato de Estudiantes, ante a solidariedade que xa estamos a recibir por parte do conxunto das e dos estudantes, propomos estender esta convocatoria de folga do **venres 11 de outubro a todas e todos os estudantes de secundaria, bacharelato e FP.**

E ese día **chamamos a todas e todos a organizar accións nos IES e concentracións ás 12h** (consulta as da túa cidade na nosa web).

Ponte en contacto co Sindicato de Estudiantes para organizar accións no teu centro e concentracións na túa cidade.



621 066 466 | sindicatodeestudiantes@gmail.com

11 de OUTUBRO

Secundaria, Bacharelato e FP á

FOLGA

Queremos XA o modelo de exame da PAU!



12h Obelisco

Listaxe actualizada en sindicatodeestudiantes.net

Basta de brutalidade policial

Solidariedade cos nosos compañeiros e compañeiras de Murcia!

O alumnado de segundo de bacharelato aínda non sabe como serán as probas que determinarán o seu acceso á Universidade. Incribel, mais certo. A pesar de que levamos case un mes de curso, a única información que temos é que os exames da PAU se celebrarán nos días 3, 4 e 5 de xuño. Xa está. Isto é todo.

O Ministerio de Educación e as Consellerías Educativas están a manter un silencio intolerábel. En lugar de presentar os cambios e novidades antes de arrancar o curso, permitindo ao noso profesorado preparar ben os contidos académicos e garantir que o estudiantado teñamos facilidades para prepararmos esta proba, encontrámonos con que a principios de outubro aínda non sabemos NADA.

E cando pedimos explicacións e saímos ás rúas a protestar, como fixeron os nosos compañeiros e compañeiras en Murcia, respóndenos cunha brutalidade policial maiúscula. Como é posíbel que se trate así a estudantes pacíficos? Decenas de antidisturbios, pelotas de goma, porrazos e mozos e mozas en urxencias; así é como se responde ás lexítimas demandas estudiantís?

É intolerábel. Non podemos permitir que nos traten como na ditadura. Exiximos xuízo e castigo para os policías implicados nesta intervención e a súa expulsión inmediata do corpo, así como a dimisión da Delegada do Goberno de Murcia e do Ministro do Interior, Fernando Grande Marlaska.

O Ministerio de Educación e as Consellerías educativas están a rir na nosa cara, e están a xogar coa saúde mental e o futuro de decenas de miles de estudantes, engadindo aínda máis dificultades, máis estrés e máis incertidume a unha proba cuxa razón de ser é converter o acceso á Universidade nun privilexio de clase.

Por iso o Sindicato de Estudiantes, ante a solidariedade que xa estamos a recibir por parte do conxunto das e dos estudantes, propomos estender esta convocatoria de folga do **venres 11 de outubro a todas e todos os estudantes de secundaria, bacharelato e FP.**

E ese día **chamamos a todas e todos a organizar accións nos IES e concentracións ás 12h** (consulta as da túa cidade na nosa web).

Ponte en contacto co Sindicato de Estudiantes para organizar accións no teu centro e concentracións na túa cidade.



621 066 466 | sindicatodeestudiantes@gmail.com